

005687 19.06.2015 09:07

RESOLUCIÓN DE ACCESO E ADMISIÓN AO MÁSTER UNIVERSITARIO EN PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSEÑANZAS DE IDIOMAS.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece a obrigatoriedade de acreditar unha formación pedagóxica e didáctica para exercer a docencia na educación secundaria obrigatoria no bacharelato, na formación profesional e no ensino de idiomas.

Ademais, conforma as profesións docentes como profesións reguladas, establecendo os requisitos de titulación esixidos para o exercizo de cada unha delas, de xeito que para a profesión de *profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas* requirese o título de máster.

As normas que regulan as condicións ás que deberán axustarse os plans de estudos conducentes á obtención do *Master Universitario de Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas* son:

- Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, na súa redacción modificada polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo.
- Real Decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercizo da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria.
- Orde ECI/3858/2007, do 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habilitan para o exercizo das profesións reguladas de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanzas de idiomas.
- Resolución do 17 de decembro de 2007, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 14 de decembro de 2007, polo que se establecen as condicións a que deberán adecuarse os plans de estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercizo das profesións reguladas de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanzas de idiomas.
- Orde EDU/3498/2011, de 16 de decembro, pola que se modifica a Orde EDI/3858/2007, do 27 de decembro. Esta modificación afecta á Especialidade en Orientación Educativa; a proposta de adecuación da memoria presentada pola Universidade foi informada favorablemente pola Axencia Avaliadora para o Sistema Universitario de Galicia e foi implantada no curso 2014-15.

Ao abeiro desta normativa, a Universidade de Santiago de Compostela aprobou a memoria correspondente ao Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, que foi verificado mediante resolución do Consello de Universidades do 25 de setembro de 2009.



Verbo de todo o anterior, a Universidade de Santiago debe determinar as condicións nas que os estudantes poderán cursar este máster no curso 2015-2016, polo que

RESOLVE,

1.- Condicións e requisitos de acceso ao Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas

Terán acceso os licenciados, diplomados, graduados universitarios e, en xeral, todos os que estean en posesión dun título oficial universitario español que os habilite para os estudos de posgrao, de acordo co disposto no art. 16 do RD 1393/2007, de 29 de outubro, sen prexuízo do establecido no Capítulo II do Título III da Lei orgánica 2/2006 de educación (LOE), que establece os requisitos da titulación para acceder ás profesións docentes.

Deberán acreditar o dominio das competencias relativas á especialización que se desexe cursar mediante a posesión da titulación adecuada á especialidade (ANEXO I).


Deberán acreditar un nivel B1 de competencia lingüística nunha lingua estranxeira, de acordo co establecido no Marco Común Europeo de Referencia para as linguas segundo a Recomendación Nº R (98) 6 do Comité de Ministros de Estados Membros, do 17 de outubro de 2000. Esta acreditación deberá realizarse de xeito previo ou simultáneo á formalización da matrícula.

Os titulados por sistemas de educación doutros países terán acceso ao master só no caso de ter homologado o seu título a un dos títulos oficiais españois no momento de finalización do prazo de solicitude. No caso de que o Ministerio con competencias en educación resolva a homologación de forma xenérica a nivel de titulación (p.e.: Licenciatura, Grao, etc), será a Comisión Académica a que determine a especialidade ou especialidades á/s que poida acceder o/a estudante.

2.- Prazas ofertadas

As prazas ofertadas por especialidade para o curso 2015-2016 son as seguintes:

ESPECIALIDADE	PRAZAS SANTIAGO	PRAZAS LUGO
Ciencias Experimentais, Matemáticas, e Tecnoloxía e Informática	40	20
Ciencias Sociais e Humanidades	40	0
Formación Profesional (Sector Servizos)	20	0
Formación Profesional (Sector Primario e Secundario)	0	20
Linguas e Literaturas	40	20
Artes	20	0
Orientación Educativa	20 (*)	0



(*) Nesta especialidade establecerase unha cota adicional de 20 prazas para os titulados das licenciaturas en Pedagogía e Psicopedagogía (véxase o seguinte apartado).

3.- Criterios de admisión, selección e adxudicación de prazas

O proceso de acceso e admisión, de acordo coa Orde ECI/3858/2007 que regula este Máster, realizarase por especialidades en función da titulación que se posúe (Anexo I). Os estudantes indicarán dentro da especialidade, de forma orientativa, o itinerario da súa preferencia. No caso da especialidade de Formación Profesional os itinerarios ofertados terán os mesmos efectos que as especialidades.

Os estudantes que posúan unha titulación que lles dea acceso a máis dunha especialidade poderán solicitar varias especialidades indicando a orde de preferencia, que será vinculante para a asignación das prazas.

Os alumnos admitidos, independentemente da preferencia manifestada respecto da especialidade onde se lle adxudicou praza, deberán matricularse no prazo do apartado B18 do Anexo I da Convocatoria de Matrícula publicada por Resolución de 12 de xuño de 2015 e recollido na norma 7 desta convocatoria. De non matricularse nese prazo decaerán no seu dereito sobre a praza adxudicada. **Así mesmo, os alumnos que figuren na listaxe de agarda deberán expresar a súa vontade de seguir optando ás prazas vacantes, confirmándoo no mesmo prazo e en cada unha das convocatorias previstas a través da súa secretaría virtual no mesmo formulario electrónico utilizado para a solicitude. De non facelo, entenderíase que desisten da súa solicitude e esta xa non se considerará na seguinte convocatoria.**

No caso de que finalizado o prazo de matrícula existisen vacantes nalgunha especialidade que o alumno manifestou como de preferencia maior, poderá optar a elas no prazo establecido para os alumnos na listaxe de agarda (véxase o Anexo I da Convocatoria de Matrícula), anulándose a matrícula na especialidade anterior.

Finalizado o prazo de matrícula (B18), convocaríase aos alumnos na listaxe de agarda para a cobertura das vacantes nas sucesivas convocatorias previstas, e segundo se detalla na norma 7. Os alumnos poderán anular a matrícula realizada e optar ás posibles vacantes nas mesmas condicións que o resto dos solicitantes durante o prazo xeral de vacantes establecido no apartado B21 do Anexo I da Convocatoria de Matrícula.

Nas especialidades en que se oferten prazas nos Campus de Santiago de Compostela e de Lugo poderá solicitarse praza en ambos os dous, indicando a orde de preferencia do campus. Neste caso a orde de preferencia será vinculante, de xeito que se a praza se adxudica no campus de maior preferencia non poderá optar pola praza do outro campus.

Só se poderá solicitar prazas nas especialidades en que se estea exento da realización da proba para a acreditación do dominio de competencias.

Rematado o proceso de matrícula, determinaranse os itinerarios que se impartirán en función do número de matriculados. Os itinerarios poderán non impartirse cando o número de estudantes matriculados sexa inferior a 10; neste caso os estudantes deberán matricular as materias específicas dos itinerarios que se impartan. No caso contrario, é dicir, que non se impartan as materias específicas do itinerario indicado como preferente por non acadar o dito número de alumnos, os estudantes afectados deberán matricular as materias específicas dos itinerarios ofertados que se impartan na especialidade, ou solicitar a anulación de matrícula, de ser o caso.

Non obstante, e en relación con estes casos, a Universidade podería ditar unha instrución que permitise ofertar estas materias aos estudantes mediante un sistema de tutoría e docencia asistida, ou de xeito ordinario sempre que existan os recursos necesarios.

A solicitude de praza realizarase a través da Secretaría Virtual da USC, no prazo que se indica no apartado 7 desta resolución, declarando os datos da titulación de acceso e do expediente académico, e indicando por orde de preferencia as especialidades que solicita.

Para realizar a selección do alumnado, as solicitudes ordenaranse dentro de cada especialidade/campus segundo a nota media do expediente académico en base 10.

Por proposta da Comisión de Coordinación do Máster establécense as seguintes cotas:

ESPECIALIDADE	PRAZAS SANTIAGO	TITULACIÓNS E COTA
Ciencias Experimentais, Matemáticas, e Tecnoloxía e Informática	40	10 prazas para as seguintes titulacións: Licenciatura/grao en Matemáticas
Ciencias Sociais e Humanidades	40	5 prazas para as seguintes titulacións: Licenciatura/grao en Antropoloxía Social e Cultural; Licenciatura/grao en Filosofía
Linguas e Literaturas	40	12 prazas para as seguintes titulacións: Licenciatura en Filoloxía Galega; Licenciatura/grao en Filoloxía Hispánica; Licenciatura/grao en Teoría da Literatura e Literatura Comparada 3 prazas para a seguinte titulación: Licenciatura/grao en Filoloxía Clásica
Artes	20	10 prazas para as seguintes titulacións: Arquitectura; Estudos superiores de Deseño (LOXSE); Licenciatura/grao en Belas Artes; Licenciatura/grao en Comunicación Audiovisual; Licenciatura/grao en Historia da Arte
Nota: no caso de non ocuparse as prazas reservadas ás titulacións establecidas nas cotas sinaladas arriba, acumularanse para o resto das titulacións da especialidade		

Así mesmo, e tendo en conta a RR de 12 de setembro de 2012 pola que se recoñecen competencias aos titulados da Licenciatura en Pedagogía e da Licenciatura en Psicopedagogía, establécense unha cota de **20 prazas adicionais na Especialidade de Orientación Educativa** para os titulados das Licenciaturas en Pedagogía e Psicopedagogía. Estes alumnos só poderán acceder por esta cota. En todo caso, deberán reunir os demais requisitos de acceso.

4.- Vacantes

Se transcorrido o prazo de adxudicación de prazas nunha especialidade, ou en varias, non se cobren as prazas ofertadas, as que queden libres (vacantes) acumularanse ás especialidades en que exista maior demanda, seguindo criterios de proporcionalidade.

5.- Matrícula

A matrícula deberá formalizarse a través da Secretaría Virtual da USC, nos termos do expresado no apartado 3 desta resolución.



Os alumnos admitidos, independentemente da preferencia manifestada respecto da especialidade onde se lle adjudicou praza, deberán matricularse no prazo do apartado B18 do Anexo I da Convocatoria de Matrícula publicada por Resolución de 12 de xuño de 2015 e recollido na norma 7 desta convocatoria. De non matricularse nese prazo decaerán no seu dereito sobre a praza adjudicada. Así mesmo, os alumnos que figuren na listaxe de agarda deberán expresar a súa vontade de seguir optando ás prazas vacantes, confirmándoo no mesmo prazo e, de ser o caso, en cada unha das convocatorias previstas a través da súa secretaria virtual no mesmo formulario electrónico utilizado para a solicitude. De non facelo, entenderíase que desisten da súa solicitude e esta xa non se considerará na seguinte convocatoria.

No caso de que finalizado o prazo de matrícula existisen vacantes nalgunha especialidade que o alumno manifestou como de preferencia maior, poderá optar a elas no prazo establecido para os alumnos na listaxe de agarda (véxase o apartado B21 do Anexo I da Convocatoria de Matrícula), anulándose a matrícula na especialidade anterior.

Finalizado o prazo de matrícula (B18), convocaríase aos alumnos na listaxe de agarda para a cobertura das vacantes nas sucesivas convocatorias previstas, e segundo se detalla na norma 7. Os alumnos poderán anular a matrícula realizada e optar ás posibles vacantes nas mesmas condicións que o resto dos solicitantes durante o prazo xeral de vacantes establecido no apartado B21 do Anexo I da Convocatoria de Matrícula.

Os prezos que se aplicarán por cada crédito serán os establecidos no Decreto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sobre prezos correspondentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso académico 2015-2016.

A matrícula deberá realizarse nos 60 créditos que integran o Máster, de acordo coa oferta do programa de estudos da especialidade.

6.- Comprobación de datos e documentación

Despois de publicadas as relacións de admitidos e de agarda procederase á comprobación dos datos declarados. Para estes efectos, os titulados por outras universidades terán que presentar unha certificación académica dos estudos cursados na que figure a nota media do seu expediente, e unha fotocopia compulsada do seu título universitario ou da certificación supletoria que acredite que solicitaron a súa expedición.

Os titulados por outros países terán que presentar unha certificación dos estudos cursados na que figure a escala de cualificacións, e a credencial de homologación do título universitario expedida polo ministerio español. A documentación expedida por autoridades doutros países deberá estar legalizada e, de ser o caso, traducida, de acordo coa normativa que rexe para a validez destes documentos. Os alumnos procedentes de sistemas educativos doutros países co título homologado deberán achegar a acreditación da nota media do seu expediente expedida pola la Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA) a través do servizo que ten activo no enderezo electrónico <http://notasmedias.aneca.es/home>.

Ademais, todos os matriculados deberán acreditar o coñecemento do nivel B1 dunha lingua estranxeira, de acordo co procedemento que a estes efectos ten establecido a USC (Acordo do Consello de Goberno do 31 de outubro de 2013 sobre recoñecemento de créditos nos estudos de grao). Os que superaron a proba de nivel B1 no Centro de Linguas Modernas da USC non terán que presentar esta acreditación.

O prazo para presentar a documentación que se indica neste apartado será de 10 días, contados a partir do seguinte ao de matrícula. Esta documentación deberá presentarse nas Unidades de Xestión Académica do Campus Sur ou de Lugo.

No caso de que se declaren datos falsos sobre a titulación de acceso ou do expediente académico que induzan a facer unha valoración errónea do expediente, procederase á exclusión do proceso de adjudicación de prazas e, de ser o caso, á anulación da matrícula.

7.- Prazos de preinscripción e matrícula

Os prazos para os procedementos que se regulan nesta resolución serán os seguintes:

- **Do 7 de xullo ao 7 de agosto (B16):** solicitude de admisión a través da Secretaría Virtual.
- **Día 11 de agosto (B17):** publicación das primeiras listaxes de admitidos e de agarda.
- **Do 12 ao 14 de agosto (B18):** primeiro prazo de matrícula.
- **Do 18 ao 20 de agosto (B19):** prazo de matrícula en prazas vacantes para alumnos en lista de agarda (2º prazo).
- **Do 21 ao 22 de agosto (B20):** prazo de matrícula en prazas vacantes para alumnos en lista de agarda (3º prazo).
- **Do 18 de agosto ao 17 de setembro (B21):** matrícula en vacantes sen lista de agarda.

(nota: as referencias entre parénteses -B16, B17, etc- corresponden coa notación utilizada na Convocatoria de Matrícula para o curso 2015-2016, para a súa localización).

Disposición final

En todo o que non se regule especificamente nesta resolución será de aplicación o disposto na convocatoria de matrícula para o curso académico 2015-2016.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2015

O Reitor,



Manuel Viaño Rey

Sra. Secretaria Xeral; Sr. Vicerreitor de Oferta Docente e Innovación Educativa; Sr. Secretario Xeral Adxunto; Sres./as Decanos/as e Directores/as de centros; Sres. Coordinadores do Master Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas dos Campus de Santiago e Lugo; Sra. Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica; Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica; Sra. Xefa do Servizo da Asesoría Xurídica; Sra. Xefa da Oficina de Información Universitaria; Sras./es Xefas/es das Unidades de Xestión Académica; Sra. Xefa da Oficina de Análise e Reclamacións e Mellora do Procedemento; Sr. Director da Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacións

ANEXO I

TITULACIÓN DE ACCESO AO MÁSTER EN PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA E BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSEÑANZAS DE IDIOMAS POR ESPECIALIDADES E ITINERARIOS

CORRESPONDENCIA DE TITULACIÓN DE ACCESO COAS ESPECIALIDADES

(A correspondencia é por especialidades; os itinerarios teñen carácter orientativo)

Especialidade en Ciencias Experimentais, Matemáticas e Tecnoloxía e Informática

a) Itinerario da especialidade docente en Ciencias Experimentais (L, S):

Enxeñarías
Licenciatura/Grao en Bioloxía
Licenciatura/Grao en Biotecnoloxía
Licenciatura/Grao en Ciencias Ambientais
Licenciatura/Grao en Ciencias do Mar
Licenciatura/Grao en Farmacia
Licenciatura/Grao en Física
Licenciatura/Grao en Nutrición Humana e Dietética
Licenciatura/Grao en Química
Licenciatura/Grao en Veterinaria
Licenciatura/Grao en Xeoloxía

b) Itinerario da especialidade docente en Matemáticas (S):

Arquitectura
Enxeñarías
Licenciatura/Grao en Física
Licenciatura/Grao en Matemáticas

c) Itinerario da especialidade docente en Tecnoloxía e Informática (☒):

Arquitectura
Arquitectura Técnica
Diplomatura/Grao en Máquinas Navais
Diplomatura/Grao en Navegación Marítima
Enxeñarías
Enxeñarías Técnicas e graos equivalentes
Licenciatura/Grao en Física
Licenciatura/Grao en Máquinas Navais
Licenciatura/Grao en Matemáticas
Licenciatura/Grao en Náutica e Transporte Marítimo

Especialidade en Ciencias Sociais e Humanidades

a) Itinerario da especialidade docente en Ciencias Sociais, Xeografía e Historia (S):

Licenciatura/Grao en Ciencias do Traballo
Licenciatura/Grao en Ciencias Políticas e da Administración
Licenciatura/Grao en Dereito
Licenciatura/Grao en Economía
Licenciatura/Grao en Historia



Licenciatura/Grao en Historia da Arte
Licenciatura/Grao en Humanidades.
Licenciatura/Grao en Socioloxía
Licenciatura/Grao en Xeografía
Licenciatura/Grao en Xomalismo

- b) Itinerario da especialidade docente en Filosofía (S)**
Licenciatura/Grao en Antropoloxía Social e Cultural
Licenciatura/Grao en Filosofía


Especialidade en Formación Profesional

- a) Itinerario da especialidade docente en Sector Servizos (S):**

Diplomatura/Grao en Biblioteconomía e Documentación
Diplomatura/Grao en Ciencias Empresarias
Diplomatura/Grao en Educación Social
Diplomatura/Grao en Enfermaría
Diplomatura/Grao en Fisioterapia
Diplomatura/Grao en Logopedia
Diplomatura/Grao en Óptica e Optometría
Diplomatura/Grao en Podoloxía
Diplomatura/Grao en Terapia Ocupacional
Diplomatura/Grao en Traballo Social
Diplomatura/Grao en Turismo
Diplomatura/Grao en Xestión e Administración Pública
Grao en Fotografía e Creación Dixital
Licenciatura/Grao en Nutrición Humana e Dietética
Licenciatura/Grao en Administración e Dirección de Empresas
Licenciatura/Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos
Licenciatura/Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte
Licenciatura/Grao en Comunicación Audiovisual
Licenciatura/Grao en Documentación
Licenciatura/Grao en Economía
Licenciatura/Grao en Farmacia
Licenciatura/Grao en Medicina e Cirurxía
Licenciatura/Grao en Odontoloxía
Licenciatura/Grao en Psicoloxía
Licenciatura/Grao en Publicidade e Relacións Públicas
Licenciatura/Grao en Socioloxía
Licenciatura/Grao en Veterinaria
Licenciatura/Grao en Xomalismo
Mestre en Educación Infantil
Mestre en Educación Primaria

- b) Itinerario da especialidade docente en Sector Primario e Secundario (L):**

Arquitectura
Arquitectura Técnica
Diplomatura/Grao en Máquinas Navais
Diplomatura/Grao en Navegación Marítima
Enxeñarías
Enxeñarías Técnicas e titulacións equivalentes
Licenciatura/Grao en Máquinas Navais



Licenciatura/Grao en Náutica e Transporte Marítimo

c) **Itinerario da especialidade docente en Formación e Orientación Laboral (X):**

- Diplomatura/Grao en Ciencias Empresariais
- Diplomatura/Grao en Educación Social
- Diplomatura/Grao en Relacións Laborais
- Diplomatura/Grao en Traballo Social
- Diplomatura/Grao en Xestión e Administración Pública
- Licenciatura/Grao en Administración e Dirección de Empresas
- Licenciatura/Grao en Ciencias do Traballo
- Licenciatura/Grao en Ciencias Políticas e da Administración
- Licenciatura/Grao en Dereito
- Licenciatura/Grao en Economía
- Licenciatura/Grao en Pedagogía
- Licenciatura/Grao en Psicoloxía

Especialidade en Linguas e Literaturas

a) **Itinerario da especialidade docente en Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá (S)**

- Licenciatura/Grao en Filoloxía Galega
- Licenciatura/Grao en Filoloxía Hispánica
- Licenciatura/Grao en Teoría da Literatura e Literatura Comparada
- Licenciatura/Grao en Xornalismo

b) **Itinerario da especialidade docente en Linguas Estranxeiras (S, L)**

- Licenciatura/Grao en Filoloxía Alemana
- Licenciatura/Grao en Filoloxía Francesa
- Licenciatura/Grao en Filoloxía Inglesa
- Licenciatura/Grao en Filoloxía Italiana
- Licenciatura/Grao en Filoloxía Portuguesa
- Licenciatura/Grao en Filoloxía Románica
- Licenciatura/Grao en Tradución e Interpretación
- Mestre en Lingua Estranxeira

c) **Itinerario da especialidade docente en Cultura e Linguas Clásicas (S)**

- Licenciatura/Grao en Filoloxía Clásica

Especialidade en Arte.

a) **Itinerario da especialidade docente en Música (S):**

- Licenciatura/Grao en Historia e Ciencias da Música
- Mestre en Educación Musical
- Título Superior de Arte Dramática
- Título Superior de Danza
- Título Superior en Música (en calquera das súas especialidades)
- Título Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais
- Grao en Fotografía e Creación Dixital

b) **Itinerario da especialidade docente en Artes Plásticas e Visuais (S):**

- Arquitectura
- Estudos superiores de Deseño (LOXSE)
- Licenciatura/Grao en Belas Artes

Licenciatura/Grao en Comunicación Audiovisual
Licenciatura/Grao en Historia da Arte

Especialidade en Orientación Educativa (S)

Diplomatura/Grao en Educación Social
Licenciatura/Grao en Pedagogía
Licenciatura/Grao en Psicoloxía
Licenciatura/Grao en Psicopedagogía
Mestre en todas as súas especialidades

As referencias aos estudos do Catálogo de Titulacións do Ministerio de Educación fanse extensivas aos graos equivalentes.

=====

Lenda:

S, L: itinerarios que se ofertarán nos Campus de Santiago (S) no caso de que se cubran alomenos 10 prazas e/ou Itinerario que se ofertará no Campus de Lugo (L)

: itinerarios que non ofertará a USC (os alumnos poderán matricularse nos outros itinerarios da especialidade, de ser o caso).

=====

